



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNIVERSITARIO PARA MAIORES NO EXERCICIO 2026

MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

A Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Vigo consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

O obxecto do convenio é contribuír ao financiamento pola Consellería de Política Social e Igualdade, na realización pola Universidade de Vigo, nos seus campus, dun programa universitario específico denominado Programa Universitario para Maiores. O Programa universitario para maiores da Universidade de Vigo impártese, simultaneamente, nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Considéranse actuacións subvencionables as derivadas da actividade académica do Programa universitario para maiores no ano natural 2026 subvencionado, abarcando parte das actividades dos cursos académicos 2025-2026 e 2026-2027.

1. O Programa universitario para maiores consta de dous ciclos: Ciclo intensivo e Ciclo Integrado.
2. No Ciclo Intensivo, as actividades que se desenvolven son as propias da aprendizaxe ao longo da vida adaptado ás persoas maiores de 55 anos. O desenvolvemento realizarase a



través da asistencia a clases teóricas, traballos en grupo, grupos de discusión, estudo de casos, asistencia a prácticas, e saídas de campo entre outras.

Este ciclo intensivo ten unha carga académica de 84, 81 e 118,5 créditos distribuídos en materias de 3 créditos e en actividades complementarias de 2 e 1,5 créditos. As materias estarán orientadas á divulgación de diferentes temas científico-culturais, facilitando a análise e a reflexión sobre aspectos relacionados con elas mesmas e outras persoas; a contorna natural, social, cultural e científica; a evolución e as achegas da humanidade; a sociedade e a cultura actual e futura. Tamén terán como obxectivo, no seu conxunto, iniciar posibles orientacións temáticas con vistas á continuación de estudos no ciclo integrado.

O número total de materias que se oferta no Ciclo Intensivo, nos catro cursos que conforman o mesmo son: 32 no Campus de Ourense, 41 en Pontevedra e 59 no Campus de Vigo, distribuídas como a continuación se relaciona:

a) Campus de Ourense, segundo cuadrimestre do curso académico 2025-2026:

1º. Primeiro Curso:

- Introducción á informática
- Introdución á filosofía contemporánea
- Inglés I
- Cultura e pensamento
- Comunicación corporal

2º. Segundo Curso:

- Temas actuais de economía
- Unión Europea
- Análise sensorial de alimentos
- Comunicación e habilidades sociais
- Temas actuais de economía

3º. Terceiro Curso:

- Ciencia, tecnoloxía e cultura
- Fundamentos de metereoroloxia
- Móbiles e Produtividade Dixital
- Presenza europea no mundo

4º. Cuarto Curso:

- Diversidade paisaxística e cultural
- Grandes problemas ambientais no noso tempo
- Microorganismos e saúde humana





b) Campus de Ourense, primeiro cuadrimestre do curso académico 2026-2027:

1º. Primeiro Curso:

- A importancia da saúde
- Introdución á nosa historia
- Inglés II
- Cuestións prácticas de dereito
- Informática básica

2º. Segundo Curso:

- Dereito básico
- Identidade psico-social da persoa adulta
- Internet e Redes Sociais
- Comer con ciencia

3º. Terceiro Curso:

- Intelixencia emocional
- Introdución a música e expresión musical
- Novas a maiores
- Como entender os impostos

4º. Cuarto Curso:

- Dieta galega e saúde
- Imaxes/vídeos e Intelixencia Artificial
- Sexualidade e afectividade ao longo do ciclo vital

c) Campus de Pontevedra, segundo cuadrimestre do curso académico 2025-2026:

1º. Primeiro Curso:

Introdución á informática

- A nosa cidade e as súas cousas
- Fotografía con Smartphone I
- Introdución ao sistema xurídico español
- Grandes problemas ambientais do noso tempo I





-Historia e estética do cinema I

2º. Segundo Curso:

-Xadrez: ximnasia para o cerebro

-Inglés I

-Fotografía con Smartphone II

-Protección do patrimonio cultural

-Ciencia e vida. Experiencias desde a vivencia

1º Auxilios e autoprotección para maiores no medio terrestre e acuático

3º. Terceiro Curso:

-Europa: significado, historia e cultura

-Inglés III

-Imprescindibles da Literatura Española

-Ecocrítica e Literatura Galega

-Cultura científica

4º. Cuarto Curso:

-Filosofía da ciencia e da tecnoloxía

-Lingua galega

-Crítica literaria

d) Campus de Pontevedra, primeiro cuadrimestre do curso académico 2026-2027:

1º. Primeiro Curso:

-Saúde física e mental nos adultos maiores

-Introdución á nosa historia I

-Historia da arte

-Relacións públicas e comunicación corporativa

-Marcha Nórdica I

-Exercicio físico en adultos maiores

2º. Segundo Curso:

-Claves para entender a publicidade

-Marcha Nórdica II

-Inglés II



- Introdución á nosa historia II
- Introdución á informática II
- Historia e estética do cinema II
- Seguridade e conflitos internacionais

3º. Terceiro Curso:

- Introdución á ecoloxía evolutiva
- Marcha Nórdica III
- Coidados para favorecer o envellecemento activo e saudable
- Pilates sénior
- Lingua e cultura francesas

4º. Cuarto Curso:

- Ciencia política, cidadanía e gobernanza
- Temas de economía
- Biomecánica: coñece como funciona o teu corpo

e) Campus de Vigo, segundo cuadrimestre do curso académico 2025-2026:

1º. Primeiro Curso:

- Introdución á informática
- Lingua galega
- Obradoiro de física básica, astronomía e astrobiloxía
- Historia da arte
- Filosofía centrada no autocoñecemento
- Oratoria

2º. Segundo Curso

- Tecnoloxía do noso contorno
- Zooloxía: a diversidade do mundo animal
- Historia de Galicia I
- Inglés I
- Todo é Ciencia
- A política: da barra do bar a mesa de café
- Introdución á Unión Europea





3º. Terceiro Curso

- Psicoloxía na idade adulta I
- Panorámica do cine español dos anos 50
- Historia de Galicia II
- Xeografía de Galicia. Paisaxes naturais e humanas
- Historia de Arte II
- Taller de socioloxía: temas de actualidade II
- Inglés III

4º. Cuarto Curso

- Historia da ciencia, tecnoloxía e cultura
- Introdución á elaboración de guións cinematográficos
- Novas tecnoloxías
- Cogomelos: usos na cultura galega
- A xenética e a humanidade 1
- Historia das ideas evolucionistas
- Literatura Grecolatina: La República Romana
- Intelixencia artificial. Primeiros pasos

f) Campus de Vigo, primeiro cuadrimestre do curso académico 2026-2027:

1º. Primeiro Curso:

- Fisioloxía humana e saúde
- A promoción da saúde e o autocoidado
- Informática avanzada
- Olladas sobre a arquitectura de Vigo
- Lingua galega II
- A nosa cidade e as súas cousas
- Historia da química
- Usos das plantas en Galicia
- Matemáticas recreativas

2º. Segundo Curso

- Aforro e investimento en economías domésticas
- Aproximación á linguaxe da comunidade xorda





- Taller de artes creativas
- Tecnoloxía do noso contorno II
- Inglés II
- Taller de socioloxía: temas de actualidade
- Usos das plantas en Galicia II
- Materiais en Medicina: da teoría á práctica
- Unha química ben guisada

3º. Terceiro Curso

- As novelas exemplares de Cervantes: unha literatura para lecer
- Psicoloxía na idade adulta II
- Linguaxe musical e educación auditiva
- Cultura galega
- Linguaxe musical e educación auditiva III
- Inglés IV

4º. Cuarto Curso

- Pensamento racional e científico
- Linguaxe musical e educación auditiva II
- Ciencia e conservación do Patrimonio Cultural
- Materiais en Enxeñería. Da teoría á práctica
- Linguas e culturas do mundo
- Historia das ideas evolucionistas contemporáneas
- Historia da Música Occidental

3. Polo que se refire ao ciclo integrado, a oferta neste ciclo realizarase con materias que sexan impartidas nalgunha das titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo, e que cada centro, en cada un dos tres campus, oferte para o Programa universitario para maiores, durante o ano natural 2026 subvencionado, abarcando parte das actividades dos cursos académicos 2025-2026 e 2026-2027.

Así, as materias ofertadas clasificaranse en catro ámbitos de coñecemento en función da titulación de orixe: humanidades, ciencias, enxeñería ou ciencias sociais e xurídicas.

Para a matrícula, o alumnado do ciclo integrado deberá elixir entre todas as materias de grao que se lle oferten no campus elixido, a desenvolver en 2026, comprendidas tanto no segundo cuadrimestre do curso académico 2025-2026, como no primeiro cuadrimestre do 2026-2027.





No Ciclo Integrado, por Campus, a previsión da oferta é: en Ourense 103 materias, en Pontevedra 49 materias e en Vigo 84 materias.

4. Ademais das actividades regradas de cada unha das materias que compoñen o plan de estudos do Programa universitario para maiores, están previstas outras actividades complementarias que se desenvolverán ao longo dos cursos académicos 2025-2026 e 2026-2027.

a) Campus de Ourense:

1º. O 20 de xaneiro tivo lugar unha visita a unha estación meteorolóxica no Carballiño. Esta actividade enmarcase na materia Fundamentos de Meteoroloxía.

2º. O 20 de xaneiro realizouse unha visita á Pontevedra. Esta actividade enmarcase na materia Diversidade paisaxística e cultural.

3º. Prevense diversas saídas de estudos no marco de distintas materias do segundo cuatrimestre, entre as que caben salientar as seguintes:

. A saúde é o que importa. Saída ao 061, o día 18/03/2026

. A saúde é o que importa. Saída ao Museo do Médico Rural, o día 16/04/2026

. Introducción á nosa historia. Saída á Coruña, o día 20/05/2026

. Comer con ciencia. Saída ao CETECA, o día 26/05/2026

. Intelixencia Emocional: Saída a Lalín, Museo do Xoguete, o día 05/05/2026

b) Campus de Pontevedra:

1º. O 19 de xaneiro levouse a cabo a saída de estudos da materia "Introdución ao sistema xurídico español" do Campus de Pontevedra.

2º. O día 3 de marzo, está organizado un seminario, titulado "A ciberseguridade en ámbitos profesionais: como protexer os datos persoais" cuna duración de 2h.

3º. Prevese para o día 18 ou 25 de marzo unha saída de estudos da materia "Introdución á Ecoloxía Evolutiva" á Misión Biolóxica de Galicia.

4º. Prevese para o día 15 ou 22 de abril unha saída de estudos das materias "A nosa historia I" e "A nosa historia II" ao Museo Marco de Vigo para a exposición "País Ilustrado".

5º. Sábado 9 de maio. Participación en Pontenciencia 2026. Feira da miniciencia organizada polo Concello de Pontevedra en colaboración coa FECYT e que se desenvolve cada ano na Escola de Enxeñería Forestal de Pontevedra.





6º. Para xuño está prevista a participación nas xornadas "Embaixadores da Ciencia".

c) Campus de Vigo:

1º. O 12 de xaneiro. Clase práctica de informática co programa Stellarium, actividade relacionada coa materia "Obradoiro de física, astronomía e astrobioloxía".

2º. O 19 de xaneiro. Práctica de laboratorio relacionada coa materia "Zooloxía: a diversidade do mundo animal".

3º. O 16 de xaneiro. Visita á Axencia Europea do Control da Pesca, coa materia "Introdución á Unión Europea".

4º. O 19 de xaneiro. Visita ao Parlamento Galego, coa materia "A Política".

5º. O 23 de xaneiro. Saída ao Museo Provincial de Pontevedra co alumnado de segundo curso, materia de Historia de Galicia 1.

6º. O 30 de xaneiro. Saída de campo relacionada coa materia "Xeografía de Galicia: paisaxes naturais e humanas", que se veu desenvolvendo ao longo do primeiro cuadrimestre do curso.

7º. O 12 de febreiro. Visita a ascensores ENOR, situado no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo. Alumnado de segundo, que cursa a materia "Tecnoloxía do noso contorno".

8º. O luns 23 de febreiro. Visita ao Laboratorio de Ciencia de Materiais da Escola de Enxeñería Industrial. Alumnado da materia de cuarto curso "Materiais en Enxeñería".

9º. No mes de marzo, prevese a visita aos laboratorios de Ciencia de Materiais da Escola de Enxeñería Industrial (sede Campus). Alumnado da materia de cuarto curso "Materiais en Medicina".

10º. Visita ao Observatorio Astronómico de Forcarei, alumnos de primeiro curso da materia "Obradoiro de física e astronomía recreativa".

11º. No mes de abril. Preparación de experimentos e/ou actividades para o "obradoiro". Participación en Ponteciencia 2026. Alumnos das materias "Materiais en Medicina" e "Materiais en Enxeñería".

12º. Sábado 9 de maio. Participación en Ponteciencia 2026.

13º. No mes de maio: prevese a visita a Pontevedra Centro. Alumno/as de cuarto curso da materia "Ciencia e conservación do patrimonio cultural".





14º. No mes de maio: prevense dúas visitas á arquitectura e elementos patrimoniais de Vigo. Alumno/as que cursan a materia, "A nosa cidade e as súas cousas"

15º. No mes de maio/xuño: prevese a visita ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán. Obxectivos: aplicar os contidos teóricos da materia

16º. No mes de maio/xuño: prevese a visita ao "Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO). Centro de investigación multidisciplinar da Universidade de Vigo. Asistentes: alumnado do primeiro curso matriculado na materia *Fisioloxía humana e saúde*.

17º. No mes de maio/xuño: prevese a saída de fin de curso da materia "Cultura Galega".

18º. Para xuño está prevista a participación nas xornadas "Embaixadores da Ciencia"

Segundo o orzamento emitido pola entidade, a necesidade de financiamento estimada para o desenvolvemento do citado programa é de **96.800,66 €** segundo o detalle seguinte:

ORZAMENTO			
		IMPORTE ESTIMADO PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIONADO
MATERIAL E OUTROS GASTOS			
Total material e outros gastos		439,77€	0,00 €
RECURSOS HUMANOS			
Coordinación			
Xeral Universidade		2.637,11 €	0,00 €
Campus Ourense		2.029,34 €	0,00 €
Campus Pontevedra		2.029,34 €	0,00 €
Campus Vigo		2.029,34 €	0,00 €
Total coordinación		8.725,13 €	0,00 €
Apoio Administrativo			
Campus Ourense		1.352,88 €	0,00 €
Campus Pontevedra		1.352,88 €	0,00 €
Total apoio administrativo		2.705,76 €	0,00 €
Profesorado			
	ECTS	Nº ECTS*285	
Campus Ourense	87	24.795,00 €	8.400,00 €





Campus Pontevedra	87	24.795,00 €	8.400,00 €
Campus Vigo	124	35.340,00 €	15.200,00 €
Total profesorado		84.930,00 €	32.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO		96.800,66 €	32.000,00 €

GASTOS DE PERSOAL INTERNO

Categoría profesional	N.º Docentes	Salario anual (con pagas) 28€/hora	Importe aplicable ao Convenio	TOTAL
Profesor/a Catedrático de Universidade	6	130 h 3.705 €	3.705 €	3.705 €
Profesor/a Titular de Universidade	23	464 h. 13.224 €	13.224 €	13.224 €
Profesor Titular de Escola Universitaria	1	30 h. 855 €	855 €	855 €
Profesor/a Contratado Doctor/a	9	240 h. 6.840 €	6.840 €	6.840 €
Profesor/a Axudante Doutor/a	11	280 h. 7.980 €	7.376 €	7.980 €
Persoal Investigador	2	60 h. 1.710 €	0 €	1.710 €
Profesor/a Contratado Interino/a	2	60 h. 1.710 €	0 €	1.710 €
Profesor/a Contratado de Sustitución	1	20 h. 570 €	0 €	570 €
Profesor Asociado/	7	240 h. 6.840 €	0 €	6.840 €
	62		32.000 €	43.434 €

GASTOS DE PERSOAL EXTERNO

N.º Docentes	TOTAL
55	41.496 €

O profesorado que imparte docencia no Programa universitario para maiores está formado por un total de 62 profesores internos e un total de 55 profesores externos.





O convenio de referencia para o profesorado laboral da Universidade de Vigo é o II Convenio Colectivo para o Persoal Docente e Investigador laboral das Universidades do Sistema Universitario de Galicia, aínda que os honorarios docentes na Universidade Sénior establécense, tanto para o profesorado laboral como para o funcionario, ao abeiro das normas internas de xestión da Universidade de Vigo para actividades docentes non reguladas. O prezo por hora impartida é único (actualmente 28,5 €), con independencia da categoría profesional. No pago destes honorarios a Universidade de Vigo aplica a cada persoa a retención por IRPF que lle corresponde por nómina.

O orzamento presentado pola Universidade de Vigo corresponde a execución das actividades obxecto deste convenio.

No ano 2025 a Consellería de Política Social e Igualdade subvencionou á Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Programa universitario para maiores, por un importe de 32.000 € e no ano 2026 prevese que sexa subvencionada polo mesmo importe o que non supón unha variación no gasto.

Tipo de gasto	2026	2025	Execución	Variación	Variación %
Gastos de persoal	32.000,00 €	32.000,00 €	100 %	0,00 €	0 %
Total Convenio	32.000,00 €	32.000,00 €	100 %	0,00 €	0 %

A Consellería de Política Social e Igualdade achegará para a consolidación do Programa universitario para maiores, durante o exercicio 2026, un total de **trinta e dous mil euros (32.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.444.0 sendo asumido o resto do financiamento necesario pola Universidade de Vigo mais a achega dos propios alumnos.

A Universidade de Vigo é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades ata o 60% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actuacións programadas.

Establécese un pago do 49 % en concepto de anticipo, importe que cumpre os límites establecidos no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O 51 % restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio .

A previsión do anticipo faise tendo en conta as necesidades financeiras da Universidade de Vigo e destinarase aos gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das citadas actuacións. Xa que o importe do anticipo previsto non excede dos límites previstos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non é preciso autorización polo Consello da Xunta.





Na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica ós compromisos contraídos en virtude deste convenio.

A entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ó entrar no suposto previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Polo que se refire aos obxectivos a acadar co presente convenio, o proxecto de convenio estímase coherente co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose con:

- Eixo E4: Cohesión social e territorial.
- Prioridade de actuación PA02: Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante.
- Obxectivo estratéxico E04: Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como prever as situacións de dependencia.
- Obxectivo operativo OO04: Promoción da formación e apoio ao aprendizaxe permanente das persoas maiores.
- Indicador de realización: P140.H - Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes; e P140.M - Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres
- Fito: 750 unidades para homes e 1.400 unidades para mulleres

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións do programa formativo a subvencionar ata o 10 de decembro de 2026. A Consellería de Política Social e Igualdade, unha vez asinado o convenio, aceptará na acreditación dos gastos que se realizaran para o desenvolvemento das actuacións comprometidas antes da sinatura deste convenio, sempre que se emitiran no exercicio orzamentario corrente e amparen as actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Antonio Acevedo Prado

